

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN ALIAD ULTREIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECIMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

De conformidade co Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

O artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, considera como unha forma de violencia de xénero a **trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, así como a explotación sexual**. Ademais dentro dos principios que orientan esta lei, recóllese no artigo 4 que a violencia de xénero é unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na prevención da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

O artigo 41.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recolle a obriga da Xunta de Galicia na loita contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

As mulleres vítimas dun proceso de trata e explotación sexual atópanse nunha situación de maior vulnerabilidade, dada a problemática complexa que presentan que afecta aos diferentes eidos da súa vida, desde a súa situación xurídica, a garantía dos seus dereitos, o acceso aos recursos, a súa situación económica, a súa inserción laboral, a atención sanitaria especialmente en relación á **saúde mental e adiccións**, ao que se une en moitas ocasións a falta dunha rede de apoio social ou familiar.



Os datos que recollen os informes e estudos oficiais existentes , indican que a incidencia da trata de seres humanos con fins de explotación sexual afecta nun 99% a mulleres e nenas, e entre elas, a gran maioría pertencente ao colectivo de inmigrantes.

A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Aliad-Ultreia é unha das entidades que integra a “Rede galega contra a Trata”, e que se atopa avalada pola experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral. Desenvolve en Galicia accións que teñen como fin promover a participación e integración activa destas vítimas na vida social, laboral, económica a través de programas específicos de atención integral de acollida, axuda psicolóxica, xurídica e asistencia directa.

A dita entidade ademais de ter unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, conta tamén cunha dilatada experiencia en programas de atención e reinserción social de persoas con trastornos aditivos.

Esta dobre especialización e experiencia da entidade tanto en violencia de xénero como en trastornos aditivos e que conta con persoal formado, acredita a súa capacidade para promover e coordinar un proxecto de investigación en prostitución, así como coordinar, xestionar e proporcionar unha formación axeitada e de calidade a diferentes colectivos profesionais que mellore a detección e intervención na recuperación destas mulleres.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa entidade Aliad-Ultreia, para canalizar o dito interese no desenvolvemento dun Programa de detección e restablecemento de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral da Igualdade

Sandra Vázquez Domínguez

